

CURRÍCULUM

LGL

QUINTO EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas de libre configuración autonómica

Área de Lingua galega e literatura

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era de internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactuar correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blog.

Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área.

Unido a calquera lingua minorizada hai que ter en conta intereses próximos á sociolingüística, como a valoración dese sistema de expresión e a súa literatura, os textos elaborados nese código como representantes dunha cultura, na que creceron os nosos antepasados e moitos de nós e que cómpre coidar e cultivar. Xa que logo, aprender lingua é tamén apropiarse dos significados culturais que esta transmite e dos modos en que as persoas do contorno entenden e interpretan a realidade.

O currículo para a área de Lingua galega e literatura ten unha estrutura similar nos 6 cursos da educación primaria. Os contidos aparecen repartidos en bloques, o que non presupón que a actividade docente se deba corresponder a esta ordenación; ao contrario, débense producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, Comunicación Oral: falar e escoitar, recolle diversos aspectos da lingua oral. O uso oral é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan as persoas falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como aquelas que empregan para comprender mensaxes orais ou para producilas.

O bloque 2, Comunicación escrita: ler, recolle diversos aspectos da comprensión escrita. A lectura implicará dominar a descodificación do texto e achegarse a unha progresiva regulación de estratexias que permiten operar co significado do texto, establecendo relacións entre coñecementos previos e información nova. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica poñer en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, ler para aprender a propia lingua, ler por pracer.

O bloque 3, Comunicación escrita: escribir, potencia o uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita. Este uso da lingua implica o coñecemento das posibilidades que ofrece o código desde o punto de vista do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso e da dimensión estética. A produción escrita significará buscar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos e revisando a escrita final. Nesta etapa consolidaranse o dominio de técnicas gráficas, a relación son-grafía, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto. O ensino do proceso de escritura pretende conseguir que o alumnado tome conciencia deste proceso como un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores e redacción e revisión do texto definitivo.

O bloque 4, Coñecemento da lingua, integra contidos relacionados co código e coa súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o uso correcto da lingua, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo. Os contidos estrutúranse arredor de catro eixes. O primeiro é a observación da palabra, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos; o segundo aborda as relacións gramaticais que se establecen entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto; o terceiro afonda nos elementos que participan na confección dun discurso correcto; e o cuarto céntrase na valoración e coñecemento da lingua galega dentro do contexto plurilingüe.

O bloque 5, Educación literaria, asume o obxectivo de facer dos alumnos e das alumnas lectores competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. Para acadar este obxectivo é necesario alternar a lectura, comprensión e interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas que acheguen o coñecemento básico sobre algunhas obras representativas tradicionais e actuais da nosa literatura.

Os tres primeiros bloques do currículo, a lingua oral e a escrita, desenvolveranse a través dun traballo sistemático que utilice unha ampla gama de situacións comunicativas, cotiás e funcionais. Na vida diaria da escola prodúcense moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos de área; entre estas situacións están: as comunicacións para planificar; chegar a consenso; poñer en común; debater; tomar decisións sobre procesos que se van seguir; establecer responsabilidades; comunicar resultados; comparar; contrastar respostas, opinións e significados; xustificar e verbalizar estratexias; valorar tarefas; transmitir emocións e informacións; estruturar coñecemento; defender

argumentos e puntos de vista; preguntar... A práctica destas situacións colaborará no labor da lingua como vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo. Con todo, para acadar unha correcta competencia en comunicación lingüística, as prácticas orais deben formar parte da actividade cotiá da aula en todas as áreas do currículo.

O cuarto bloque, debe ser abordado na aula, de forma contextualizada, relacionado coa comprensión e produción de textos, froito da concepción do coñecemento da lingua como instrumento e non como fin en si mesmo. O quinto bloque pretende reforzar o bloque 2, engadindo o achegamento ao feito literario, para que o alumnado o recoñeza como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. Do mesmo xeito, complementa o bloque 3, motivando outro tipo de produción escrita que atenda especialmente a creatividade do alumnado.

O tratamento de todos estes contidos ten que ser abordado desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deles ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, polo tanto, ter en conta os contidos abordados nos 5 bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

Esta área de Lingua galega e literatura está estreitamente relacionada coa de lingua castelá e literatura. Ambas áreas teñen unha distribución de contidos similar en cada un dos cursos que conforman a educación primaria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, polo que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade que presentan en ambas as áreas, precisan ser abordados de maneira parella. O profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de lingua galega e literatura e de lingua castelá e literatura, en cada curso da educación primaria, deberá organizar o seu labor para evitar a repetición de contidos teóricos cun tratamento similar. Serán os contidos do bloque 4 os que requiren unha maior distribución entre as dúas áreas, pero algúns dos tres primeiros bloques, que teñen que ver coas características da tipoloxía textual, coas normas básicas de presentación de traballos ou o uso da puntuación, tampouco deben ser abordados en ambas as áreas desde un punto de vista teórico. Do mesmo xeito, é preciso que o profesorado se decante polo uso da mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. Todas estas medidas deberán ser contempladas na programación anual de cada área, para cada curso da educación primaria, onde tamén deberá mencionarse, se é preciso, a colaboración entre o profesorado para desenvolver determinadas actividades ou probas orais.

Do mesmo xeito, no centro teñen presenza lingua(s) estranxeira(s) que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo. Na busca dun tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece no caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas linguas e o de lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos teóricos, na liña dos que se mencionaron para as linguas ambientais, e se unifique a terminoloxía, sempre que sexa preciso. Ademais, non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e a(s) ambiental(is). Polo tanto, na programación de todas as áreas

lingüísticas terán que terse en conta as iniciativas que promoven o tratamento integrado das linguas, así como a colaboración entre o profesorado antes detallada.

En definitiva, o currículo desta área persegue como obxectivo último crear cidadáns e cidadás conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa e capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo, de maneira xeral, información de opinión e elaboración dun resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe. ▪ B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Interpretación elemental en textos orais da retransmisión, da ironía e de dobres sentidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Interpretar correctamente a retransmisión, a ironía e os dobres sentidos, en situacións de comunicación nas que estes resulten bastante evidentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retransmisión, a ironía e os dobres sentidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ e 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSEIEE

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates). 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade, incorporación das intervencións das demais persoas e formulación de preguntas coherentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Aposar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.2. Elaboro un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.3. Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.4. Aposo un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Produción de textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.8.1. Elaboro textos sinxelos propios dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (miradas e posturas corporais). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.1. Utiliza a expresividade corporal: miradas e postura corporal para reforzar o sentido das súas producións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.1. Aмосa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Uso, de maneira xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.14. Recoñecemento e valoración, de maneira global, das diferenzas dialectais orais da lingua galega, como elemento enriquecedor da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Recoñecer, de maneira global, e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.13.1. Recoñece textos orais sinxelos pertencentes a diferentes variedades dialectais moi evidentes da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como un símbolo de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.15. Identificación da lingua galega con calquera contexto de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.14.1. Identifica a lingua galega oral con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER				
<ul style="list-style-type: none"> b e i j o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias. B2.2. Comprensión de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia e na entrevista para obter información xeral, localizando informacións destacadas. B2.3. Comprensión de textos sinxelos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios). 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dotes sentidos bastante evidentes. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérboles, ironías e dotes sentidos en textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferenza, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, identificando e interpretando, con especial atención os datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CSIEE CMCT
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Uso de certas estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...). 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b e i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade. ▪ LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
